



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-5

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

16 de Marzo de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:08

Hora de Finalización

10:19

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 23.02.2023 (ACTA 2023/4)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ORDE DO 08.02.2023 POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS E O PROCEDIMENTO PARA A DISTRIBUCION DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACION LOCAL DESTINADO AOS CONCELLOS DE GALICIA CON POBOACION INFERIOR AOS 15.000 HABITANTES, PARA O ANO 2023 (PR486B)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde** da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de data **9 de febreiro de 2023**, pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do **fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local** destinado aos **concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes** (PR486B)

Seguidamente dase conta da documentación elaborada por distintos servizos para concorrir a esta convocatoria

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes **memorias** das actuacións incluídas no Proxecto "**Sustentabilidade e Eficiencia no Concello de Castrelo do Val**" para as que se solicita





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

subvención, a saber:

LIÑA 1: Investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais.

"**Mellora da envolvente térmica e da iluminación do pavillón (Castrelo do Val)**", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Anteproxecto.

Autor: Juan Manuel Mera Díaz, Arq. Tec. Col. 159 COAT Ourense.

Data: Marzo de 2023.

Orzamento de execución por contrata: 47.947,67 euros.

Honorarios de R.P., coord. seg e saúde e D.E.O.: 3.626,30 euros.

Orzamento total (inc. Honorarios técnicos): **51.573,97 euros.**

LIÑA 2: Adquisición de maquinaria e equipamento vinculada á prestación de servizos de competencia municipal.

"**Adquisición de maquinaria e equipamento**", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Memoria

Autor: Juan Manuel Mera Díaz, Arq. Tec. Col. 159 COAT Ourense.

Data: Marzo de 2023.

Orzamento total: 24.718,78 euros.

LIÑA 3: Investimentos destinados á modernización e á mellora das redes de abastecemento municipal.

"**Melloras no abastecemento do Concello de Castrelo do Val**", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Memoria

Autor: Aquaourense.

Data: Marzo de 2023.

Orzamento de execución por contrata: 47.889,39 euros.

Honorarios de coord. seg e saúde e D.E.O. 1.436,68 euros.

Orzamento total (inc. Honorarios técnicos): **49.326,07 euros.**

SEGUNDO. Solicitar á **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** unha subvención, ao abeiro da orde de referencia, para a realización de ditas actuacións e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

